

LEI ELECTORAL E DEMOCRACIA REPRESENTATIVA

Un dos mitos máis extendidos na política española é que o sistema electoral favorece ás minorías nacionalistas catalana, galega e vasca, en perxuízo de Izquierda Unida, anos atrás do CDS e, recentemente, de UPyD. Efectivamente, o sistema de reparto de escaños perxudica sistemáticamente aos partidos minoritarios de nivel estatal, pero os beneficiados non son que se apuntan, senón Partido Popular e PSOE. Como tumbar o mito só require facer unhas contas ben simples, queda claro que os partidos que se alternan no goberno do Estado son coñecedores desta realidade, polo que seguirán a facer oídos sordos da primeira das propostas dos ‘indignados’ do 15-M, acusando á lei electoral de inxusta mentras fan todo o posible por non mudala.

As eleccións menos proporcionais no reparto de escaños son as eleccións ao Parlamento Español. A razón: o sesgo cara os partidos maioritarios non se produce tanto pola aplicación da Lei D’Hont (norma que, certamente, busca favorecer aos partidos maioritarios no reparto de escaños) senón na división da circunscrición electoral en provincias, que fai que os partidos que non chegan ao 5% provincial perdan moitos milleiros votos. Fagan as contas, son ben simples: dividindo o total de votos de cada formación entre os 350 escaños do Parlamento comprobarán que, por exemplo, en 1989 o PSOE acadou a maioría absoluta por un escano porque obtivo 26 escaños máis dos que lle corresponderían nun sistema onde todos os votos de todos os cidadáns tivesen o mesmo valor. IU obtivo entón 17 cando lle corresponderían 34, o CDS 14 en vez de 30, e os partidos nacionalistas 6 escaños menos dos que corresponderían en circunscrición única. En total, de 1989 a 2008 PSOE e PP víronse beneficiados en 11 e 13 escaños de máis por elección, IU perxudicado en 15 escaños cada elección (hoxe só teñen 2 deputados), e os partidos nacionalistas en 6 escaños por consulta.

Un efecto máis importante que a aritmética do reparto de escaños é que o sistema prima o bipartidismo a través do chamado ‘voto útil’: en 1989 PP e PSOE sumaban só 65% dos votos (pero o 85% dos escaños); desde entón, a suma non fai máis que ir en aumento: 73%, 76%, 79%, 80% e 84%. E o efecto menos democrático de todos, o ‘voto útil’ fai que o ‘voto de castigo’ sexa inútil: a lei electoral explicaría que moitos electores voten listas plagadas de candidatos ‘presuntamente’ corruptos para evitar que gañen ‘os outros’. Por iso, das reivindicacións dos ‘indignados’ do 15-M abogo porque o consenso se reduza a un único punto: reforma da lei electoral para facer da democracia representativa outra de tipo máis participativo: circunscrición electoral única, reparto de escaños proporcional, listas abertas, que os votos en branco computen no reparto de escaños e métodos de participación directa da cidadanía. Non pode ser que na era de internet a participación da cidadanía en política se limite a conseguir centos de miles de sinaturas, e sen garantía de ser aprobada no Parlamento. Se este punto sae adiante, todos os demais cambios políticos, económicos e sociais virán detrás.

Por último, para aqueles que sinalan –con razón– que o sistema de reparto proporcional de escaños suporía que o Parlamento queda ‘ingobernable’, a solución é facer o que fan as democracias de medio mundo: escoller o Parlamento (poder lexislativo) en primeira volta con reparto proporcional de escaños, e escoller o Goberno (poder executivo) en segunda volta por votación entre as dúas forzas políticas máis votadas, onde necesariamente o vencedor seráo por maioría absoluta. Poder lexislativo e poder executivo serían máis democráticos: ambos elexidos directamente polo pobo, o primeiro sería unha representación fiel da pluralidade social, e o segundo non estaría atado de pés

e mans á hora de gobernar, buscando constantemente 'socios' de goberno. Aínda que isto último requiriría, adicionalmente, que a ferramenta principal de goberno –os orzamentos- sexan aprobados unicamente polo poder executivo e non polo lexislativo.